

CRITERIOS DE AVALIACION

O curso estrutúrase en tres avaliacións que serán cualificadas cunha nota numérica enteira, a cualificación obtida será unha nota de 1 a 10, sendo a nota mínima para aprobar dun 5.

Tamén cabe destacar que neste apartado, o profesor avaliará continuamente e de xeito oral aos seus alumnos en base de numerosas cuestións sobre a materia ou dos distintos temas que se estean abordando nese momento, polo que estes criterios de cualificación: proba escrita ou traballos, tamén poderán ser substituídos por puntos positivos a maiores na nota final

Os procedementos para a obtención das competencias básicas valoraranse téndose en conta a revisión periódica do caderno do alumno, como a súa presentación e estruturación, apuntes, exercicios e outras actividades, ademais do traballo na aula, individual e en equipo.

A actitude e o esforzo son esenciais para obter unha cualificación positiva das competencias básicas e valoraranse téndose en conta a súa participación activa na aula, o seu esforzo persoal, a súa predisposición para realizar as tarefas en grupo amosando sempre unha actitude positiva cara á materia e o profesor de Relixión; e o seu comportamento, evitando condutas agresivas ou disruptivas, coidando dos materiais e instalacións da aula, traendo e coidando dos seu propios materiais, etc.

A nota final de Xuño será a media das tres avaliacións. Se algún alumno suspende máis dunha avaliación deberá facer unha proba escrita final global, podendo ser esta substituída pola entrega dun traballo segundo o acordado co profesor.

Para os alumnos que non promocionen en Xuño, haberá unha proba extraordinaria en Setembro á que se lle aplicarán os criterios mencionados anteriormente.

Á hora de avaliar se terán en conta os seguintes criterios:

A ASISTENCIA SERÁ OBRIGATORIA TANTO NA ESO COMA NO BACHARELATO PARA PODER SUPERAR A MATERIA.

A nota do alumno calcularase segundo os parámetros seguintes:

1. TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO/A

No aula o alumno traballa facendo fichas, tomando apuntamentos na súa libreta, lendo as leccións. Supón ata un máximo do 10% da nota.

2. PARTICIPACIÓN NO AULA

Preguntas e/ou respostas, aclaracións, suxerencias oportunas ó profesor e compañeiros. Supón outro máximo de 10 % na nota.

3. EXAMES CONVENCIONAIS

Exercicios escritos sobre dos contidos estudados. Supón ata un 45% da nota.

4. TRABALLO EN EQUIPO

Traballos propostos polo profesor para facer en equipo. Supón ata un 20% da nota.

5. CUADERNO DE CLASE

Supón ata un 15 % da nota.